

## NO NADAL ...

### \_TALLER DE ARTESANÍA DE XOIAS E COMPLEMENTOS

#### Descrición:

O taller, impartido polo artesán Alberto Vila, consistirá na elaboración dunha serie de creacións de deseño moderno e actual, no que empregando materiais asequibles como aramio, telas, fieltro,... pódense crear xoias e complementos.

**Datas de realización:** Xoves e venres, 20 e 21 de decembro.

**Horario:** de 18 a 21 h.

**Duración:** 6 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 12 anos

**Prezo:** De balde

### \_TALLER DE COCIÑA, NADAL ENTRE AMIGOS

#### Descrición:

Nesta actividade atoparás un lugar onde aprender e experimentar na cociña, divertíndote e compartindo momentos e experiencias, tendo a túa disposición os ingredientes e utensilios necesarios para confeccionar as recetas propostas. Trátase de aprender a realizar un menú creativo moi acorde con estas datas festivas co que poderás sorprender aos teus amigos.

**Datas de realización:** Mércores, 12 de decembro.

**Horario:** de 19 a 21,30 h.

**Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 12 anos

**Prezo:** 20 €

Para participar nestas actividades formativas é necesaria unha inscrición previa a realizar no:

*Departamento de Xuventude*

*Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche  
Frei Rosendo Salvado, 14-16*

*Tel.: 981 543 001 Fax: 981 543 002*

*dptoxuventude@santiagodecompostela.org*



## E DE CARA AO ANO QUE VÉN:

### \_CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

**Curso Oficial** que capacita aos participantes para ser monitores de tempo libre, requisito indispensable á hora de levar a cabo actividades de ocio e tempo libre, de realizar campamentos ou accións socioculturais e formativas.

### \_¿TI COCIÑAS?

**Taller de cociña** para todos aqueles que disfruten entre os fogóns. Un lugar donde aprender divertíndote e de maneira práctica e interactiva, técnicas básicas ou avanzadas, con monográficos e minitalleres con diferentes temáticas (cociña do mundo, cociña creativa, repostería, cociña de supervivencia...)

# \_ ACTIVIDADES FORMATIVAS DO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE \_ CONCELLO DE SANTIAGO

Novembro-Decembro 2012



  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

## ACTIVIDADES FORMATIVAS DO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE

### CONCELLO DE SANTIAGO

O Departamento de Xuventude do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas da cidade unha serie de actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo unha serie de cursos con diferentes temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos distintos sectores ofertados.



### **—CURSO DE FORMACIÓN EN COACHING LABORAL**

#### **Descrición:**

O Coaching laboral consiste nun proceso de acompañamento e apoio na incorporación ao mercado de traballo. Tanto si se trata da primeira incorporación, como dunha transición de carreira ou dun traballo de emprendemento empresarial, este curso pode ser unha grande oportunidade para todas aquelas persoas que perderon o seu posto de traballo, a motivación no profesional ou que queren acceder por primeira vez a un entorno laboral. Trátase de dar apoio, soporte e guía no proceso de xeito individualizado e grupal en varias sesións onde se analizará a situación e inxerencias laborais dos alumnos e no que se realizará unha orientación grupal nas técnicas de búsqueda de emprego.

#### **Obxectivos:**

- Dotar de coñecementos necesarios para lograr unha boa incorporación á vida laboral
- Fomentar o coñecemento dun mesmo co fin de determinar os puntos fortes e febles da personalidade de cada un e tratar de melloralos
- Capacitar ao alumnado para enfrentarse a unha entrevista de traballo
- Determinar o tipo de traballo acorde coa motivación e interese de cada un

#### **Contidos:**

- Promoción dun mesmo ou dun produto
- Tipo de traballo a escoller e pasos para acadalo
- Entrevistas de traballo
- Motivación Laboral
- Autocoñecemento (puntos fortes e febles e como melloralos)

**Datas de realización:** 27 de novembro e 4 e 11 de Decembro

**Horario:** 17 a 21 h.

**Duración:** 12 h.

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 18 anos

**Prezo:** De balde

### **—CURSO DE FOTOGRAFÍA NOCTURNA**

#### **Descrición:**

Nesta actividade impartiranse os aspectos técnicos necesarios para poder realizar fotografías nocturnas correctamente, o material básico a empregar, as técnicas de procesado especificamente axeitadas para lograr as mellores imaxes nocturnas. Tratarase a planificación de saídas fotográficas nocturnas e as distintas variables interesantes para unha boa fotografía de noite.

A través do emprazamento en diferentes puntos da cidade, os alumnos coas súas cámaras fotográficas aprenderán a sacarlle o mellor partido posible aos recursos que ofrece a cidade de noite, tratando de obter un produto final de calidade.

**Datas de realización:** xoves e venres, 22, 23, 29 e 30 de novembro.

**Horario:** De 18 a 21 h.

**Duración:** 12 horas.

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche e varios espazos da cidade.

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 12 anos

**Prezo:** De balde

### **—TALLER DE STOP MOTION. ANIMACIÓN CON PLASTILINA**

#### **Descrición:**

O obradoiro, impartido por Mr Misto Films, consiste na iniciación ao mundo da animación en plastilina. A proposta é a creación dunha curtametraxe animada na que os participantes desenvolven as diferentes fases das que consta a preparación e dirección dunha curta de animación.

**Datas de realización:** 26, 27, 28 de decembro e 2, 3, 4 de xaneiro

**Horario:** de 18 a 20,30 h.

**Duración:** 15 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 10 anos

**Prezo:** De balde